



O Pacto Verde: a planificación da Unión Europea para a gandería e a agricultura do século XXI

Neste artigo resúmense as estratexias que propón a Unión Europea para conseguir un sistema alimentario máis saudable e sostible.

Jesús Cantalapiedra Álvarez¹, Daniel Franco Ruiz²

¹Consellería do Medio Rural (Xunta de Galicia)

²Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA)

En maio de 2020 a Comisión Europea presentou o Pacto Verde Europeo ou European Green Deal, co obxectivo de converter á Unión Europea (UE) no primeiro continente climaticamente neutro fronte ao desafío global do cambio climático (CC) no que nos atopamos.

Esta folla de ruta, que abarca na súa primeira fase ata o ano 2050, pivota sobre unha estratexia de crecemento económico sostible que unifique as políticas dos países europeos co fin de impulsar a economía, protexer a natureza, diminuír os residuos e desenvolver a investigación e innovación, así como mellorar a saúde e a calidade de vida das persoas e animais (figura 1).

Figura 1. Esquema do Pacto Verde Europeo



► POLO MENOS UN 25 % DO ORZAMENTO DA UE TERÁ QUE IR DESTINADO A ACCIÓNS CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

Fonte: Comisión Europea

Diferentes enquisas sinalan a alta concienciación dos cidadáns europeos sobre o medioambiente e o apoio á creación de lexislación específica ambiental e de vías de financiamento para as actividades que melloren este

sector ao que se lle supón un futuro económico prometedor. Para esta loita contra o CC estímase un investimento ata o ano 2030 de 260.000 millóns de euros de gasto anual adicional, o que se traduce en que polo menos un ►►

LECHES MATERNIZADAS

MEJORA TUS RESULTADOS

- CRECIMIENTO ÓPTIMO ✓
- SEGURIDAD DIGESTIVA CONTROLADA ✓
- RENDIMIENTO Y CONFORMACIÓN ✓

Serval
Bienestar y rendimientos

Porque no todas las leches son iguales

Servalor Elite Instant
Aliment d'allaitement pour veaux
25kg

www.serval.fr/es - commercial@serval.fr
Servicio comercial : 629 64 02 61 - Servicio técnico : 656 83 30 80

25 % do orzamento da UE terá que ir destinado a accións contra o CC co obxectivo de rebaixar as emisións entre un 50-55 % no ano 2030.

As liñas de acción do European Green Deal engloban o fomento de enerxías limpas (fontes renovables, emprego daquelas de maior eficiencia enerxética), industria sostible (de aspecto circular, coa creación de novas estratexias e o desenvolvemento de novos mercados), a construción e renovación de infraestruturas, aspectos de mobilidade (redución de emisións en torno ao 90 % e mellora dos medios de transporte), biodiversidade (ciudades máis ecolóxicas, protección e restauración dos ecosistemas co obxectivo de facelos máis resilientes), diminución da contaminación (prever a polución da auga e o aire, evitar o exceso de nutrientes no solo, reducir os residuos de medicamentos e plásticos etc.), e para o sector primario a estratexia do campo á mesa (*from farm to fork*, en inglés), baseada nun modelo máis respectuoso e sostible co medio ambiente, a saúde humana e o benestar animal.

O CC é unha realidade global e o mundo rural non é alieo a iso. A agricultura é responsable do 10,3 % das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) da UE e case o 70 % das súas emisións proceden do sector das actividades gandeiras, pero é importante recalcar que presumiblemente non todos os sistemas gandeiros sufrirán de igual maneira o impacto do CC. O efecto negativo provocado pola diminución de precipitacións e a aparición de secas prolongadas afectarán en maior medida aos sistemas gandeiros baseados no pastoreo, máis baixos en insumos e os sistemas de produción mixtos ou semiextensivos en comparación cos sistemas de produción máis intensivos (FAO, 2007).

"DA GRANXA Á MESA"

Con esta estratexia búscase idear un sistema alimentario xusto, saudable e respectuoso co medio ambiente (os nosos alimentos, a nosa saúde, o noso planeta, o noso futuro).

Os alimentos europeos son e deben seguir sendo seguros, nutritivos e de calidade, de tal maneira que fomenten a saúde humana e eviten a aparición de problemas como o so-

brepeso ou a obesidade, así como de enfermidades crónicas asociadas ao estilo de vida actual como a diabetes, enfermidades cardiovasculares, dexenerativas ou o cancro. Pero para a produción destes alimentos faise necesario un cambio de modelo produtivo mediante unha transición cara a sistemas máis sostibles que reduzan o CC, a contaminación ambiental, a perda da biodiversidade, o consumo excesivo de recursos naturais, o desperdicio dos alimentos e onde os operadores da cadea de valor alimentario teñan novas oportunidades de negocio. A aplicación das novas tecnoloxías e descubrimentos científicos, xunto co aumento da sensibilización e a demanda por parte dos cidadáns de alimentos sostibles, crearán, sen dúbida, un sistema beneficioso, que vai xerar oportunidades para toda a cadea alimentaria.

Na transición a este novo modelo produtivo, os gandeiros e agricultores terán un papel clave e decisivo garantíndolles as políticas agrícolas europeas un nivel de vida digno. As propostas da Comisión na Política Agrícola Común (PAC) para o período 2021-2027 establecen que, polo menos, o 40 % do orzamento global contribúa á acción polo clima, ofrecendo así mesmo propostas para mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor.

Nesta revisión da PAC (que é posible que se atrase ata o ano 2022), e dentro dos seus plans estratéxicos, fomentárase a utilización de prácticas sostibles, como a agricultura de precisión, a agricultura ecolóxica, a agroecoloxía ou a agrosilvicultura, e unhas normas máis estritas en materia de benestar animal, nas cales xa se expoñen cambios lexislativos no transporte e o sacrificio.

Recomensaráselles aos agricultores que apliquen un mellor comportamento ambiental e climático, incluíndo a xestión e o almacenamento do carbono no solo, e a mellora da xestión de nutrientes para aumentar a calidade da auga e reducir as emisións de GEI. Tamén os plans estratéxicos serán ambiciosos na redución do uso de praguicidas químicos, fertilizantes e antibióticos e outros medicamentos veterinarios como antihelmínticos, anticoccidios, carbamatos, piretroides ou antiinflamatorios non esteroideos. »

► OS GANDEIROS E AGRICULTORES TERÁN UN PAPEL CLAVE E DECISIVO GARANTÍNDOLLES AS POLÍTICAS AGRÍCOLAS EUROPEAS UN NIVEL DE VIDA DIGNO

MilkTaxi 4.0



**Nuevas herramientas
de soporte más
inteligentes**



**Detección inalámbrica
para cada puesto**



Cálculo de toma para cada puesto




Medición precisa de la materia seca de la leche entera



Cálculo de cantidad agua /sustituto de leche



Función de estadísticas



Pantalla digital de nivel de llenado

Delegado

Miguel Sá: 00351919028774

www.holm-laue.com



Holm & Laue

Cosmolabor: +351 964 139 487 • Parrondo Cabornero: 0034 626 983 043 • Luciano Fernández: 0034 626 983 049 • Frior 981774500
Jesmi: 0034 677 72 96 30 • Alberto Disega: 0034 670 286 215 • Albaitaritz: 0034 948 50 03 43 • Trivic: 0034 938 86 62 99

Figura 2. Esquema do programa “Da granxa á mesa”

«De la granja a la mesa» contribuirá a lograr una economía circular, de la producción al consumo:



Fonte: Comisión Europea

► PROPORANSE MEDIDAS INFORMATIVAS E EDUCATIVAS DIXITAIS DE INFORMACIÓN SOBRE A ORIXE DOS ALIMENTOS, O SEU VALOR NUTRICIONAL E A SÚA PEGADA MEDIOAMBIENTAL

A superficie dedicada á agricultura ecolóxica en Europa tamén terá que aumentar, pero sen esquecerse da innovación tecnolóxica, que permita protexer as colleitas de pragas e enfermidades obtendo produtos seguros.

O obxectivo de conseguir unha economía circular permitirá reducir o impacto ambiental no sector comerciante polo miúdo e da transformación alimentaria, incidindo no transporte, almacenamento, envasado e a xestión dos residuos alimentarios, ao mesmo tempo que se combate a fraude alimentaria. Outro dos alicerces deste novo concepto de produción consistirá na promoción do consumo de alimentos sostíbeis, fomentando unha alimentación saudable e alcanzable para todos.

Xa que a UE é o maior importador e exportador mundial de produtos agroalimentarios para evitar a competencia con outros países, limitárase o comercio de alimentos importados que non cumpran as normas ambientais europeas. Proponanse medidas informativas e educativas dixitais de información sobre a orixe dos alimentos, o seu valor nutricional e a súa pegada ambiental para que os consumidores elixan unha alimentación saudable e sostíbeil, á vez que se reduzan as perdas de alimentos (que na actualidade calcúlanse nun 20 % do total producido).

Un factor crítico para a consecución dos obxectivos deste plan

basearase no uso das tecnoloxías dixitais articuladas sobre sostibilidade (a intelixencia artificial, as redes 5G, a computación na nube, internet das cousas etc.) e que poidan acelerar e potenciar os efectos das políticas para combater o CC e protexer o medio ambiente. Esta transformación dixital apoiárase en fortes investimentos orzamentarios e con programas específicos de investigación, innovación tecnolóxica e de servizos de asesoramento sobre opcións de xestión sostíbeil.

O Pacto Verde é, por tanto, a resposta europea á ameaza do CC e á degradación ambiental. O obxectivo deste xigantesco reto é o desenvolvemento cara a unha economía limpa, competitiva, moderna e eficiente no uso de recursos. Nesta formulación o esquema da granxa á mesa (figura 2) contribuirá a pechar o ciclo produtivo desde o produtor ao consumidor, convertendo cada fase nunha oportunidade de desenvolvemento económico.

En definitiva, os gandeiros, agricultores e técnicos deben empezar a familiarizarse e aplicar as novas tecnoloxías (*big data*, internet das cousas, intelixencia artificial, *benchmarking*, *smart farming* etc.) ou calquera tipo de avance tecnolóxico na xestión das explotacións, tendo en conta as tendencias do Pacto Verde con respecto ao tipo de produción, as esixencias legais, os produtos que se demandan e as características

dos mercados aos que van dirixidos. Este binomio novas tecnoloxías-necesidades de produción e mercado constituirá a base da gandería moderna, xa que a fará máis competitiva e asegurará a súa viabilidade nun mundo cada vez máis dixitalizado e globalizado. ■

BIBLIOGRAFÍA

COM (2019) 640. Comunicación de la Comisión. El Pacto Verde Europeo

COM (2020) 381. Comunicación de la Comisión. Estrategia de la granja a la mesa para un sistema alimentario justo, saludable y respetuoso con el medio ambiente.

FAO (2007) Cambio climático y seguridad alimentaria: un documento marco Resumen. http://www.fao.org/clim/index_en.html

► O OBXECTIVO DESTE XIGANTESCO RETO É O DESENVOLVEMENTO CARA A UNHA ECONOMÍA LIMPA, COMPETITIVA, MODERNA E EFICIENTE NO USO DE RECURSOS

ALGÚNS ASPECTOS DA ESTRATEXIA "DA GRANXA Á MESA"

- Reducir o uso de praguicidas químicos nun 50 % ata 2030
- Reducir a utilización de fertilizantes en polo menos un 20 % ata 2030
- Reducir as perdas de nutrientes polo menos un 50 %, sen alterar a fertilidade do solo
- Reducir a venda de antimicrobianos nun 50 % no ano 2030
- Mellora das directrices sobre a xestión integrada de pragas (XIP)
- Fomento da agricultura ecolóxica e do novo negocio ecolóxico. Uso do 25 % das terras agrícolas da UE en agricultura ecolóxica
- PAC centrada no Pacto Verde
- Mellora da produción de enerxías renovables
- Elaboración dun código de conduta da UE para unha práctica empresarial e de comercialización responsable
- Elaboración dun plan de continxencia para garantir a subministración de alimentos e a seguridade alimentaria en tempos de crises
- Recomendacións sobre os novos obxectivos da PAC
- Aplicación dos fondos de cohesión e o fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (Feader) en actividades de transición
- Clarificar as normas de competencia
- Promover os modelos de negocio circulares na transformación de alimentos e o comercio polo miúdo
- Reformar a lexislación sobre o envasado de alimentos, normas de comercialización reforzando o marco lexislativo das indicacións xeográficas
- Iniciativas de mellora do marco de gobernanza empresarial
- Mellorar a dispoñibilidade e o prezo dos alimentos sostíbeis promovendo as dietas saudables
- Incentivos fiscais durante a transición ao novo modelo
- Reducir a perda e o desperdicio de alimentos facendo fincapé na data de caducidade e data de consumo preferente
- Financiamento para programas de innovación, tecnoloxía e desenvolvemento
- Promoción de servizos de asesoramento, adaptados á xestión sostíbeil
- Creación da Rede de datos de sostibilidade agrícola e actualización da axenda de capacidades
- Mellora de Internet de banda ancha e fomento da dixitalización

Gradas KG - Todo es posible



Sus 10 ventajas:

Púas reforzadas
para trabajar a la profundidad deseada

NUEVO

Con ajuste independiente de la profundidad de trabajo

Barra niveladora

NUEVO

Amplia gama
Rodillos

NUEVO

Sistema de acoplamiento rápido
QuickLink

NUEVO

Ajuste hidráulico de profundidad

Robusto - Silencioso - Duradero
Long-Life-Drive

NUEVO

Universal
Herramienta de control

Sistema de cambio rápido de púas

Mecanismo de seguridad contra piedras

Quick-System + Safe-System

Espacio libre y más estabilidad

10 portaherramientas en 3 m

Extrema resistencia a torsión

Chasis reforzado